

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO
DE CIENCIAS SOCIAIS (XEOGRAFÍA E HISTORIA) PARA
OS CURSOS PARES¹ DE E.S.O. E BACHARELATO**

CURSO 2022 - 2023

¹ A programación referida aos números impares de ESO e bacharelato tramítase a través de PROENS.

0. Composición do Departamento e reparto de grupos	3
1. Introducción e contextualización da programación.	4
Educación Secundaria Obrigatoria	6
2. Contribución da materia e etapa ás competencias clave.	6
3. Obxectivos xerais de etapa. (Decreto 86/2015, art.10)	8
4. Concreción de obxectivos: sinálanse por nivel.	8
5. Relación de contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis: sinálanse por nivel.	8
6. Temporalización.	9
7. Metodoloxía didáctica.	10
8. Tratamento do fomento da lectura. (Decreto 86/2015, título III art.28)	13
9. Tratamento do fomento das TIC.	14
10. Materiais e recursos didácticos.	15
11. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	16
12. Proceso de avaliación.	17
13. Instrumentos de avaliación.	17
14. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.	18
15. Plans de traballo para a superación de materias pendentes.	19
16. Medidas de atención á diversidade.	21
18. Actividades complementarias.	25
2º ESO- Xeografía e Historia	27
2º ESO- Paisaxe e Sustentabilidade	42
4º ESO	50
Bacharelato	70
19. Obxectivos, contidos criterios de avaliación e mínimos esixíbeis: sinálanse por materia	70
20. Temporalización.	70
21. Actividades de recuperación	71
22. Reforzos para lograr a recuperación	71
23. Criterios de avaliación e cualificación.	71
24. Procedementos para acreditar os coñecementos nos contidos progresivos	73
25. Criterios de promoción	73
26. Metodoloxía didáctica	73
27. Materiais e recursos didácticos incluídos o libro de texto (recomendados).	74
28. Programación de temas transversais	75
29. Medidas de atención á diversidade	75
30. Actividades complementarias	78
Historia de España. 2º de bacharelato	79
Xeografía 2º de bacharelato	98
Historia da Arte	132
31. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.	156

0. Composición do Departamento e reparto de grupos

O Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia está, neste curso 2022-2023, formado polas seguintes profesoras, que imparten nos cursos e materias que se recollen a continuación:

- **Ángela Caldas Hernández**, xefa de departamento (XH0)

2º de bacharelato, Historia de España (3 grupos) → 9 horas de docencia semanal.

2º de bacharelato, Historia da Arte (1 grupo) → 4 horas de docencia semanal.

1º de bacharelato, Historia do Mundo Contemporáneo (1 grupo) → 4 h.

Total horas de docencia semanal: 18 horas.

Total horas lectivas (+3 horas de Xefatura de Departamento, +1 hora titoría): 21 horas.

- **Rosa Gómez Gallego** (XH1)

2º de bacharelato, Xeografía (1 grupo) → 4 horas de docencia semanal.

1º de ESO, Xeografía e Historia (1 grupo) → 3 h.

Total horas de docencia semanal: 7 horas.

Total horas lectivas (+13 horas de cargo directivo): 20 horas.

- **Alazne Goce Freire** (XH2)

1º de bacharelato, Historia do Mundo Contemporáneo (1 grupo, “B”) → 4 h.

4º de ESO, Historia (2 grupos) → 6 h.

3º de ESO, Xeografía e Historia (2 grupos) → 6 h.

2º de ESO, Paisaxe e Sustentabilidade (1 grupo, “A” non bilingües) → 1 h.

1º de ESO, Xeografía e Historia (1 grupo) → 3 h.

Total horas de docencia semanal: 20 horas.

Total horas lectivas: 20 horas.

Profesorado	1ºESO	2ºESO	3ºESO	4ºESO	1ºBAC	2ºBAC
Ángela Caldas Hernández					1 grupo de Historia do Mundo Contemporáneo (A)	3 grupos de Historia de España 1 grupo de Historia da Arte.
Rosa Gómez Gallego	1 grupo de Xeografía e Historia					1 grupo de Xeografía
Alazne Goce Freire	1 grupo de Xeografía e Historia	1 grupo de Paisaxe e Sustentabilidade.	2 grupos de Xeografía e Historia (A)	2 grupos de Historia.	1 grupo de Historia do Mundo Contemporáneo (B)	

A docencia do outro grupo de Paisaxe e Sustentabilidade (2º de ESO, 1 hora) e Xeografía e Historia (tamén de 2º de ESO, 3 horas semanais) serán asumidas polo Departamento de Lingua Galega.

1. Introdución e contextualización da programación.

O presente curso 2022-2023 supón a aplicación da LOMCE nos cursos pares de ESO e Bacharelato. Tamén se contempla o adianto das probas extraordinarias ao mes de xuño; ao mesmo tempo, hai que contar coas probas ABAU para 2º de bacharelato, do mesmo xeito que xa sucedeu no curso anterior.

A programación de Xeografía e Historia vai dirixida ao alumnado do centro IES Primeiro de Marzo situado no concello de Baiona, estrada Virxe da Rocha, número 20. O alumnado deste centro procede dos concellos de Baiona e Oia, tendo máis peso cuantitativo, polo de agora, o alumnado de Baiona. Trátase dun alumnado de características socioloxicamente urbanas pero con diferencias entre os/as de Oia e Baiona, xa que Oia presenta máis peso da cultura identitaria galega (máis presenza da lingua galega, tipo de vivenda, poboamento intercalar, algunhas actividades económicas...) que o alumnado de Baiona (morfoloxía máis urbana, menor presenza da lingua galega, actividades económicas sobre todo terciarias...). A maior parte do alumnado deste centro coñece pouco ou case nada o territorio galego.

Con respecto ao académico, o alumnado, que non presenta excesivos problemas de comportamento, si os presenta, agás excepcións, en relación coa súa formación, o que preocupa ao profesorado do centro: falta de esforzo, desidia, falta de iniciativas, deficiente expresión escrita e comprensión lectora, etc. Cómpre ter en conta o elevado número de alumnos e alumnas, nos últimos anos, con necesidades específicas de apoio educativo que requiren medidas de atención á diversidade. Este curso 2022-2023 tamén supón o incremento xeral no número de alumnado, presentando máis liñas por nivel do habitual debido á alta taxa de matriculación.

A programación de Xeografía e Historia, ademais dos obxectivos sinalados en cada nivel, procurará en todo momento realizar traballos, saídas, pequenas investigacións nas áreas en que vive o alumnado que lles permita sobre todo:

- Visualizar e concretar conceptos que lle son abstractos.
- Coñecer, valorar e defender o seu patrimonio natural, material e inmaterial.
- Coñecer, valorar e defender o territorio da nación galega.

Procurarase un entorno educativo que fomenta as saídas didácticas na contorna e nuns límites xeográficos axeitados en función do nivel, actividades que se especifican nesta programación (a modo de ideas a desenvolver e planificar ó detalle durante o curso)..

A programación do Departamento de CSXH para o presente curso 2022-2023 vén determinada polo *Decreto 86/2015 (DOG do 29 de xuño)* que establece o currículo segundo *Real Decreto 1105/2014* en aplicación da *Lei Orgánica 8/2013* para a mellora da calidade educativa e a *Orden ECD/65/2015* de 21 xaneiro pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación dos cursos pares de ESO e Bacharelato. No que respecta ao Bacharelato a programación baséase e axústase, asemade, ao *Decreto 86/2015*, que establece o currículo, á *Orde do 15 de xullo*, respecto a materias de libre configuración, e á *Resolución do 27 de xullo* para a implantación do currículo. No caso dos cursos impares, a lei aplicable é a LOMLOE, e introdúcese dixitalmente a través da aplicación PROENS.

As materias de Bacharelato asignadas ao departamento (Historia do mundo contemporáneo, Historia de España, Xeografía e Historia da Arte) seguirán a programación contemplada na lei -LOMCE ou LOMLOE, en función do nivel. A docencia dos contidos de Historia de España, Xeografía e Historia da Arte seguirán as directrices das circulares emitidas polos grupos de traballo da CIUG orientadas á ABAU. En caso de que estas directrices sexan actualizadas por eses grupos de traballo da Comisión

Interuniversitaria, a docencia irase adaptando, aínda que non se prevén grandes cambios con respecto ás indicacións do ano anterior (estrutura, contidos, criterios... adoitan manterse).

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

2. Contribución da materia e etapa ás competencias clave.

A área de Xeografía e Historia contribúe de xeito esencial ao desenvolvemento das competencias clave, ás que na práctica funcionan como propias (sociais e cívicas) mais tamén á matemática, ciencia e tecnoloxía e iniciativa e sentido emprendedor en Xeografía, a de conciencia e expresións culturais, de maneira específica na Historia da Arte (e en niveis inferiores naqueles contidos relativos ó desenvolvemento artístico das diferentes etapas históricas), así como ás de comunicación lingüística, dixital, de aprender a aprender, que impregnan todo o currículo pola súa dimensión instrumental.

A adquisición das competencias clave permite:

- A realización persoal.
- O exercicio da cidadanía activa.
- A incorporación á vida adulta de xeito satisfactorio.
- O desenvolvemento dunha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

En cada **materia** (ó longo desta programación didáctica, apartados posteriores) descríbese o modo en que contribúe ao desenvolvemento das competencias básicas. En xeral, o equipo do departamento considera que estas competencias na nosa área axudan da seguinte maneira:

Competencia en Comunicación lingüística.

Presenta unha dimensión instrumental esencial nos catro cursos da ESO en relación coa expresión oral e escrita.

Adecuada produción e recepción de mensaxes en situacións concretas e contextualizadas e en diferentes soportes (oralidade, escrita, audiovisual...).

Lectura, destreza básica como vía de acceso a coñecemento; tamén saber escoitar e conversar.

Interacción con outros individuos e concepción do diálogo como ferramenta fundamental para a convivencia.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Elaboración de eixos cronolóxicos.

Elaboración e interpretación de gráficos (barras, sectores...) con datos estatísticos.

Interpretación de táboas estatísticas.

Cálculo, interpretación de taxas (natalidade, mortalidade, envellecemento...).

Elaboración e interpretación de pirámides de poboación.

Localización con coordenadas xeográficas.

Cálculo de escalas (gráfica e numérica).

Cálculo de datos termoplumiométricos: medias, totais de precipitación, amplitude térmica, etc.

Competencia dixital.

Obtención de información (fontes, tipos).

Procesamento da información: lectura, selección, interrelacións teórica-prácticas, análise, síntese.

Elaboración de traballos en soporte informático.

Desenvolvemento do espírito crítico na busca de fontes de información veraces e rigorosas.

Sociais e cívicas.

Coñecer os valores e organizacións de Estados democráticos.

Valorar os principios e organizacións de Estados democráticos.

Practicar valores democráticos.

Defender os valores e organizacións de Estados democráticos.

Conciencia e expresións culturais.

Coñecer as manifestacións artísticas de antes e de agora.

Coñecer a linguaxe artística (arquitectura, escultura, pintura...) para poder interpretar e valorar as obras de arte legadas polos/as nosos/as antergos/as.

Fomentar a creatividade.

Gozar coa creatividade propia ou coa visita ás manifestacións artísticas que nos rodean.

Valorar a riqueza que supón o patrimonio cultural/artístico de cara á súa conservación.

Aprender a aprender.

Coñecer e aplicar técnicas básicas de estudo.

Aplicar conceptos aprendidos.

Coñecer as ferramentas e practicar con elas os pasos necesarios que nos levan á construción do coñecemento.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

Saber “responder” en situacións que se presentan no día a día, é dicir: practicar a responsabilidade (saber dar resposta as situacións cotiás).

Propoñer actividades ou medidas que contribúan á mellora da materia ou da convivencia na comunidade educativa.

3. Obxectivos xerais de etapa. (Decreto 86/2015, art.10)

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo, e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galegas, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mentemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes a comunidade lusófona.

4. Concreción de obxectivos: sinálanse por nivel.

5. Relación de contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliados: sinálanse por nivel.

6. Temporalización.

Como sempre é orientativa; pode haber cambios, se estes son necesarios, obrigados pola conxuntura do curso académico ou como resultado da reflexión sobre a súa conveniencia.

	1ª avaliación	2ª avaliación	3ª avaliación
2ºESO	Idade Antiga: repaso inicial rápido.. Alta Idade Media (xermanos e bizantinos; o Islam; o feudalismo en Europa; Al-Andalus).	Plena Idade Media (burgos; monarquía feudal; Gótico). Baixa Idade Media.	Xeografía física (España e Galicia). Xeografía humana (poboación; as cidades).
4ºESO	O século XVIII: O Antigo Réxime. As revolucións políticas. A revolución industrial. España e Galicia no século XIX. A época do Imperialismo.	A Primeira Guerra Mundial. A revolución rusa e a U.R.S.S. A crise de entreguerras. España e Galicia de 1902 a 1939. A Segunda Guerra Mundial.	A Guerra Fría. O proceso de descolonización. O mundo da Guerra Fría. A ditadura de Franco. O mundo na actualidade. España: transición e democracia.

7. Metodoloxía didáctica.

É o resultado dos anos de experiencia das persoas que compoñemos o departamento e polo tanto contén elementos de distintas escolas. O que se busca é que sexa o máis activa e participativa posible e contribúa á consecución de obxectivos e competencias clave, favorecendo tanto o traballo individual do alumno/a coma o traballo en equipo, potenciando neste último caso a adaptación ás circunstancias actuais e favorecendo os medios electrónicos para o desenvolvemento destes traballos grupais. Tentaranse detectar canto antes dificultades de aprendizaxe para considerar as medidas de reforzo oportunas así como altas capacidades que permitan ser atendidas con actividades de ampliación:

- a. Perscudar as ideas que o alumnado ten sobre a unidade que se vai iniciar, para conectar cos seus esquemas mentais e axudar a reorganizar, corrixir, e completar os mesmos.
- b. Presentación dos contidos: teoría, que se presentarán en ocasións, en formato dixital, como presentacións de diapositivas en programas tipo *Power Point* ou outros sistemas dixitais (vídeos dispoñibles na web, por exemplo).
- c. Lectura comprensiva dos contidos a partir do libro de texto e/ou prensa e aclaración das dúbidas que haxa. Lectura doutras fontes.
- d. Elaboración de esquemas ou mapas conceptuais por parte de cada alumna/o, axudándolle sobre todo nos primeiros cursos da ESO na organización xerárquica das ideas e na selección das ideas principais.
- e. Actividades para reforzar a comprensión dos contidos, xeralmente as do libro ou outras que se fagan para tal fin e para profundar na adquisición dos contidos.
- f. Elaboración de sínteses.
- g. Iniciación ao debate.
- h. Comentarios de mapas, textos, gráficas, imaxes, etc.
- i. Aplicación dos contidos dados en clase, sempre que a profesora o considere conveniente, e mediante a entrega dun guión ou ficha, para facer pequenos traballos de investigación nos concellos de Baiona e Oia ou sobre temas de actualidade ou relativos ao temario e con diferentes fontes documentais: prensa, internet, cartografía, etc.
- j. Repaso dos contidos a través dos mapas conceptuais ou esquemas, de actividades que impliquen: relación, análise de imaxe, elaboración de listas de vocabulario específico, aclaración de dúbidas.
- k. Fomento da memorización comprensiva.
- l. Detección e resolución de problemas.
- m. Participación do alumnado; traballo individual e en grupo, de ser posible.
- n. Avaliación. Faranse probas escritas, actividades, traballos individuais e de grupo (adaptándonos ás circunstancias) e exposicións orais para acadar e comprobar a adquisición de contidos e competencias básicas.
- o. Temporalización da secuenciación dos contidos, datas dos controis e da entrega de traballos.

Traballo de aula:

- Profesorado:
 - o Presentación dos contidos e actividades a través de explicación, pautas de traballo, orientación e moderación nos debates.
 - o Detección de dificultades e reforzo ou ampliación.
- Alumnado:
 - o Traballo persoal:
 - Lectura e comprensión de textos.
 - Análise de documentos.
 - Pequenas indagacións, investigacións.
 - Respostas e preguntas.
 - Detección e resolución de problemas.

- Elaboración de esquemas, resumos.
- Elaboración, lectura e interpretación de mapas, gráficos, táboas, mapas conceptuais...
- Memorización comprensiva.
- Tráballo de grupo:
 - Coordinación.
 - Aporte e selección de información.
 - Organización.
 - Presentación (en distintos soportes).
 - Exposición oral.

Normas para a presentación de cadernos de clase, controis e traballos.

- ✓ Pulcritude na presentación
 - Bolígrafo azul ou negro.
 - Encabezamento: nome, apelidos e grupo.
 - Numerar as follas.
 - En caso de follas soltas teñen que entregarse dentro dunha carpeta ou grampadas.
 - Non descoidar as marxes.
 - Diferenciar enunciados e respostas e separar unha pregunta doutra.
 - Evitar borraranchos.
 - Letra lexible.
- ✓ Coidar a ortografía.
 - Grafía.
 - Separación silábica.
 - Acentuación.
 - Maiúsculas e minúsculas.
 - Abreviaturas.
 - Signos puntuación.
 - Signos científicos.
- ✓ Coidar a expresión escrita.
 - Precisión e claridade na presentación das ideas.
 - Evitar incoherencias sintácticas; corrección gramatical.
 - Procurar variedades léxicas.
 - Eludir redundancias.
 - Distinguir definición de explicación, causas de consecuencias.
 - Elaborar unha síntese.
 - Na mesma lingua (evitar palabras propias do castrapo, ou galeguismos e castelanismos cando a alumna/o escribe en castelán ou galego respectivamente).

O Departamento levará a cabo actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, tratamento e produción de información que contribúan á adquisición das competencias clave (ver apartado 2 desta programación didáctica).

No caso de *confinamento* a metodoloxía adaptárase aos requisitos establecidos pola lexislación vixente. Terá en conta o nivel do alumnado e as súas situacións persoais e de recursos. Trátase de fomentar, en todo caso, a construción de aprendizaxes significativas, activas e integradoras, mediante unha secuenciación de actividades adecuada, que permita a continuación do proceso de ensinanza-aprendizaxe no terceiro trimestre. Fomentárase fundamentalmente o traballo das competencias a través de actividades prácticas de busca, reflexión e aplicación de coñecementos a través de actividades individuais, baseadas na procura e extracción de información do libro e de internet, de diferentes niveis. Empregaranse as TIC como principal medio de comunicación e ferramenta de traballo.

Para favorecer un clima de aprendizaxe agradable e motivador, trataremos de manter a interacción nas clases mediante a aula virtual do centro, relacionando parte destas actividades coa vida cotiá e cos seus intereses. Repasaranse contidos teóricos con apoio visual e faremos correccións en alto das tarefas encomendadas.

8. Tratamento do fomento da lectura. (Decreto 86/2015, título III art.28)

Obxectivos:

- Fomentar a lectura en xeral e das ciencias sociais en particular.
- Fomentar a comprensión lectora.
- Coñecer tipos de fontes de información: históricas, historiográficas, xornalísticas, etc.
- Favorecer a expresión oral e escrita.
- Adquirir habilidades no uso e tratamento da información na procura das competencias clave.

Temporalización:

- Nos niveis de 1º e 2º de ESO destinarase 10' minutos de dúas sesións de cada semana ou 20' minutos nunha soa sesión en función do que resulte máis eficaz.
- Favorecerase a lectura asemade noutros niveis mais sen concreción de tempo.
- Seguirase o programa establecido polo Plan de Biblioteca (Plan Anual de Lectura).

Recursos:

- Libro texto.
- Prensa.
- Biblioteca.
- Internet.

Pautas para a lectura

1. Lectura en silencio.
2. Lectura en alto.
3. Lectura comprensiva.
 - a. Buscar o vocabulario e anotalo.
 - b. Buscar sinónimos.
 - c. Aclaración de dúbidas.
 - d. Escribir de novo o texto usando as propias palabras.

As lecturas elixiranse en función do grao de desenvolvemento académico do alumnado e en relación coas materias a impartir (aportarase unha listaxe de obras para 3º e 4º de ESO), puidendo haber no mesmo nivel varios tipos, atendendo así á diversidade. Tamén se procurará certa optatividade nas lecturas, ofrecendo diversas opcións en diversos formatos (cómic, narrativa, artigos de revistas especializadas, etc.).

Para máis información consultar o Plan Lector do centro, integrado nos obxectivos do equipo de Biblioteca.

9. Tratamento do fomento das TIC.

Procurarase o emprego de novas tecnoloxías, sobre todo internet como buscador de información para ser tratada posteriormente e baixo a supervisión da/o profesor/a. Impulsaranse traballos en soporte informático coa utilización de ordenador e proxector. Favorecerase así o tratamento da información e a comunicación audiovisual incidindo nos principios éticos de utilización.

Procurarase unha actualización constante dos grupos creados na aula virtual do centro, así como o acompañamento e guía dos recursos dispoñibles para a entrega de traballos individuais ou o desenvolvemento de traballos en grupo usando medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencias, plataformas de traballo colaborativo tipo Drive, etc.).

Tratarase ó longo do curso o respecto pola propiedade intelectual, aprendéndolles tamén a tratar a información de creación allea atopada en internet a través do uso de citas axeitadas, entre comiñas e coa referencia adecuada (autor e obra ou páxina web da que se extrae dita información).

Nesta mesma liña, fomentarse o espírito crítico para discernir fontes fiables, de corte científico, de outras que simplemente expoñan opinións persoais ou argumentacións parciais, e que faciliten así a interpretación axeitada da realidade que rodea o alumnado do instituto nas súas vidas cotiás. Cremos que esta é unha función especialmente importante hoxe en día, debido á influencia que exercen as redes sociais nas rapazas e rapaces cos que traballamos.

O uso dos dispositivos móbiles para a busca de información na aula será convenientemente revisada polo profesorado, atendendo ás normas xerais de funcionamento no centro, e evitando o uso indebido destes aparellos durante o tempo de clase e no recinto escolar, tal e como se recolle nas normas de convivencia do instituto (xa que o uso do móbil, en xeral, está prohibido).

10. Materiais e recursos didácticos.

- Libro de texto (na táboa).
- Textos históricos e historiográficos.
- Mapas.
- Gráficas e estatísticas.
- Material audiovisual.
- Guías de traballo do contorno.
- Biblioteca.
- Saídas.

Nivel	Título	Editorial
2º ESO	Xeografía e Historia	Vicens-Vives
4º ESO	Xeografía e Historia	Vicens Vives

Materiais específicos:

- Material elaborado polas/polos docentes para facer actividades.
- Recursos fotocopiáveis e/ou descargables en pdf, word e outros formatos.
- Caderno do alumno físico (e dixital, de darse o caso).
- Páxina web virtual do centro e curso virtual de Xeografía e Historia de cada curso.
- Vídeos que se poden consultar en Youtube.
- Páxinas web específicas (e de acceso gratuíto) con contidos educativos relacionados coas tarefas propostas.
- Fichas de repaso fotocopiáveis ou descargables.
- Correo electrónico para a resolución de dúbidas ou outras cuestións relacionadas coas tarefas. Servizo de mensaxería da aula virtual do centro.

11. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

A **avaliación** será continua, formativa e integradora; terase en conta:

- O progreso do alumno/a nos diferentes elementos do currículo (na normativa aparecen especificados os criterios de avaliación).
 - A consecución dos obxectivos marcados por cada unha das materias do currículo.
 - A adquisición das competencias clave.
- A necesidade de establecer medidas de reforzo educativo.
- Esfuerzo, actitude positiva e interese pola materia, atención.
- Expresión axeitada e clara que lle permita explicacións lóxicas e ben estruturadas.
- Expresións axeitadas a cada nivel e que demostren a comprensión de contidos.
- Manexo da terminoloxía axeitada a cada nivel.
- Dominio da sintaxe que permita explicacións coherentes e sen divagacións.
- Capacidade non tanto de memoria como de reflexión sobre os contidos.
- Valoración do traballo en grupo.

Considerarase fraude intelectual calquera traballo copiado (polo que terá como cualificación “0”).

O uso de medios fraudulentos durante a elaboración de probas escritas (tipo exames) tamén será punible sempre que sexa demostrable, cualificándose cun 0 aquelas probas que sexan resoltas con chuletas, copiando doutras persoas, etc.

Criterios de cualificación:

- En 2º de ESO o 70% da nota será das probas escritas/orais e o 30 % será de traballos, exercicios de clase, actividades plasmadas no caderno e participación.
- En 4º de ESO, o 70% corresponderá a probas escritas/orais, e un 30% ao traballo do alumno/a e participación.
- Será decisión do/a profesor/a a realización dun ou máis exames escritos en cada trimestre, en función dos contidos, das características do grupo ou doutros elementos que se poidan ter en conta. Indicarase a cualificación numérica de cada pregunta.
- Cada profesor/a decidirá se para a nota do trimestre obtén unha media de todos ou lles adxudica unha valoración parcial a cada un.
- Considerarase fraude intelectual calquera traballo copiado (de internet ou entre alumnas/os) polo que terá como cualificación “0”.
- Cada un dos exames trimestrais versará especialmente sobre os contidos tratados no trimestre, se ben, seguindo o espírito da avaliación continua, poderá incluír preguntas relacionadas con contidos dos trimestres anteriores.
- A **nota da avaliación final** do curso obterase da media aritmética/ponderada (segundo os casos, considerados por materia e nivel) das notas das tres avaliacións trimestrais con redondeo á alza de apreciarse unha evolución positiva.

Criterios de promoción: Establecidos pola normativa, promociónase con todas as materias aprobadas e, excepcionalmente, cun máximo de tres cando non coincidan Matemáticas e Lingua castelá e/ou Lingua galega, a criterio da xunta avaliadora, por causas xustificadas.

12. Proceso de avaliación.

- Avaliación inicial ou de diagnóstico: levaranos a coñecer a formación do alumnado e propoñer actividades para iniciar o proceso de ensinanza-aprendizaxe (antes do proceso didáctico) e para detectar posibles dificultades de aprendizaxe que requiran medidas de reforzo (incluírá exercicios de comprensión lectora, relativos a representacións gráficas, de redacción).
- Avaliación progresiva ou continua ou sobre o proceso de aprendizaxe. Teranse en conta os obxectivos, criterios de avaliación e a contribución as competencias básicas.
- Avaliación final ou sumativa. Resultado de todo o proceso de aprendizaxe.
- Avaliación extraordinaria: permitirá a recuperación da materia en setembro con base nunha proba escrita.
- Avaliación de pendentes. Permitirá a recuperación de materias suspensas de cursos anteriores, requirirá de orientacións e programa de reforzo para o alumnado e dun seguimento da súa evolución por parte do profesor/a da materia, de ser o caso, e do xefe ou xefa do Departamento, ao longo do curso, e terá dereito a unha proba en maio de non ter conseguido antes a súa superación (mediante exames parciais e exercicios de reforzo). Poderanse propoñer exercicios para ser entregados e corrixisos dende a xefatura do Departamento que colaborarán, en proporción variable segundo o nivel a recuperar (o 40 por cento da nota se se recuperan materias de 1º ou 2º da ESO; un 30% se a materia a recuperar é de 3º), na nota final de dita materia pendente. As datas de entrega destes exercicios e as datas de exame serán preferentemente acordadas coas alumnas e alumnos interesados ó inicio do curso, nunha reunión convocada para informar do proceso de recuperación (consultar apartado correspondente nesta programación didáctica, 15. Plans de traballo para a superación de materias pendentes).

13. Instrumentos de avaliación.

- Caderno de clase.
- Traballos individuais e en grupo.
- Exposicións.
- Participación.
- Probas escritas/orais.
- Observación sistemática do traballo e/ou comportamento na aula.

14. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

AVALIACIÓN TRIMESTRAL E OS SEUS INDICADORES DE LOGRO	
Acadáronse os obxectivos propostos na avaliación	0 1 2 3 4
Desenvolvéronse as competencias no grao e no modo pretendido	0 1 2 3 4
A secuenciación de contidos foi a correcta para o mellor desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe	0 1 2 3 4
Os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe adecuáronse as características e necesidades do alumnado	0 1 2 3 4
As aprendizaxes alcanzadas polo alumnado foron satisfactorias	0 1 2 3 4
A metodoloxía empregada foi a idónea e axustáronse os seus tempos	0 1 2 3 4
As actividades propostas axudaron á consecución dos obxectivos previstos e á adquisición das competencias no grao proposto, despertando o interese do alumnado cara o tema	0 1 2 3 4
Os resultados de aprendizaxe das rúbricas son claros e comprensibles para o alumnado	0 1 2 3 4
A unidade didáctica e o seu desenvolvemento e, en particular, a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro foi o adecuado	0 1 2 3 4
A coordinación co resto de profesores do grupo e no seno do departamento foi satisfactoria e enriquecedora	0 1 2 3 4
A vinculación con outras materias está clara e non é forzada	0 1 2 3 4
As relacións co titor e coas familias foi a adecuada	0 1 2 3 4
As medidas de individualización do ensino con especial atención as medidas de apoio e reforzo empregadas foron operativas	0 1 2 3 4

4	Excelente. Nivel excepcional de logro superado o previsto. En torno ao 100% dos propósitos.
3	Notable. Nivel notable de traballo. En torno ao 75% dos propósitos.
2	Normal. Nivel aceptable de traballo. En torno ao 50% dos propósitos.
1	Mellorable. Nivel de logro inferior ao aceptable. En torno ao 25% dos propósitos.
0	Incompetencia. Non se alcanzou ningún nivel de logro. En torno ao 0% dos propósitos.

INDICADORES DE LOGRO DA ACTIVIDADE DOCENTE:

Adecuación das actividades para alcanzar os obxectivos	4	3	2	1	0
Motivación do alumnado	4	3	2	1	0
Metodoloxía adecuada para o desenvolvemento autónomo	4	3	2	1	0
Adecuación ás características e necesidades do alumnado	4	3	2	1	0
Distribución dos contidos	4	3	2	1	0

15. Plans de traballo para a superación de materias pendentes.

a. Actividades de avaliación.

O departamento de Xeografía e Historia considera a necesidade dun seguimento por parte do profesor/a da materia do curso en que está matriculado e asesoramento e supervisión do traballo realizado (en base a materia que foi impartida e que debería estar recollida no caderno do alumno/a) por parte da Xefa do Departamento e potenciar a autonomía da/o alumna/o que debe preocuparse de seguir as pautas.

Como consecuencia valorarase o traballo de recuperación proposto polo Departamento ao longo do curso e as probas extraordinarias.

Seguimento da recuperación de pendentes. A principio de curso (mes de outubro) convocarase unha reunión (ou informarse de xeito individual a cada alumna ou alumno, quedando constancia de dita reunión mediante a sinatura das interesadas/os) para:

- Informar sobre o sistema e criterios de recuperación.
- Entrega do plan de recuperación: calendario, temario que terá que ser asinado polo pai/nai/titor/a e entregado ao departamento nas datas que se establezan.
- O alumnado asistente asinará nun papel que será gardado no departamento conforme é informado do Plan de pendentes.
- Por escrito tamén se lles informa que as dúbidas poden consultalas durante o recreo a Ángela Caldas (como xefa do departamento) e a profesores/as da materia. Preferentemente aqueles que lles están impartindo a materia correspondente ao Departamento no nivel que cursan na actualidade.

b. Criterios para superar as materias pendentes.

- Se o alumnado supera as probas propostas (exame parcial e final), superará a materia.
- Se o alumnado suspende o primeiro parcial, para o exame final será examinado da totalidade da materia pendente.
- Se non supera a proba final de maio, deberá presentarse á final extraordinaria, que este ano pasa a celebrarse a partir do día 6 de xuño -por determinar en xunta avaliadora- (examinarase de todos os contidos indicados, e que serán facilitados na reunión informativa de outubro).
- As probas corresponderán ao guiión de contidos mínimos que se lle proporciona e ao caderno de clase da materia pendente.
- O caderno de exercicios, se ben non exime temario de cara aos exames -parcial e final-, si colabora na cualificación final da materia en proporción variable (ver desenvolvemento desta cuestión a continuación).

Probas

A todas as persoas con materia pendente váiselles entregar un caderno de exercicios con dúas datas de entrega; os contidos de ditos cadernos correspóndense co temario pendente, dividido en dúas metades que se corresponderán cos contidos avaliados das probas escritas que se realizarán en xaneiro/febreiro -exame parcial- (aspecto que determinará o claustro en reunión) e no mes de maio -exame final-. Entre o 6 e o 22 de xuño tamén se desenvolverá unha proba extraordinaria de recuperación (que en cursos pasados se realizaba en setembro). A entrega en prazo de dito caderno de actividades suporá o 40% da nota final para aquelas alumnas e alumnos que teñan que recuperar materia de 1º ou 2º da ESO; e un 30% no caso do alumnado coa materia pendente de 3º da ESO (xa que se lle presupón un maior grao de control da materia e dos contidos mínimos exixibles).

As probas escritas conterán nunha proporción considerable (polo menos un 40% das cuestións) de actividades propostas nos cadernos de recuperación; o resto das actividades reinterpretarán exercicios xa resoltos ou supoñerán a aplicación práctica de varios contidos xuntos.

Para a superación das probas escritas (exames) a alumna ou alumno debe obter unha nota mínima de 5.

- Se o alumnado acada uns resultados aptos nos traballos propostos ao inicio do curso (cadernos de actividades de recuperación) e nas probas parcial e final ordinaria (cunha cualificación numérica de 5 ou superior a 5), considerarase a materia superada.
- Se suspende ou non cumpre os obxectivos propostos, volverá a examinarse da materia na proba extraordinaria de xuño (antigamente “setembro”).
- Se non entrega os traballos propostos durante o curso, examínase de todo o contido avaliable nas probas escritas (un parcial e a proba final de maio); aínda así, o valor numérico obtido da proporción de caderno/exames non se verá alterada, polo que as persoas con 1º ou 2º da ESO pendente non obterían máis dun 6 ao non entregar o caderno (no caso de que algo máis da metade do exame estea correcto) e as persoas con 3º da ESO poderán optar a un 7 de nota máxima se non entregaran esas actividades.

O alumnado con materia pendente deberá recoller o libro e/ou os materiais que se consideren oportunos, en calidade de préstamo, no Departamento de Xeografía e Historia do Centro e deberá devolvelo unha vez superada a materia ou ao finalizar o curso. Tamén serán matriculados nun grupo específico para alumnado con materia pendente na aula virtual do centro.

Para aclarar calquera dúbida ou facer as consultas que desexen poden, e deben, dirixirse á xefa do departamento de Xeografía e Historia, a profesora Ángela Caldas Hernández e ao profesor/a da materia.

Ao alumnado de PMAR, no caso de habelo, faralle o seguimento e determinará a superación da materia pendente, o/a profesor/a de ámbito lingüístico e social, por norma xeral.

16. Medidas de atención á diversidade.

Para tratar de acadar o nivel máis apto para cada un das alumnas/os e progresar na adquisición das capacidades educativas, atendendo á distinta formación e aptitudes, traballaremos no fomento da equidade, en condicións de igualdade.

Enténdese por “medidas de atención á diversidade” o conxunto de accións e medidas que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións socioculturais de todo o alumnado. Réxese polos principios de normalización, inclusión, equidade, igualdade de oportunidades, non discriminación, flexibilidade, accesibilidade, interculturalidade, promoción da convivencia e participación.

A atención á diversidade consiste no recoñecemento destas diferenzas no alumnado ao longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe para dar unha resposta diferenciada por parte da profesora ou profesor. Tendo en conta isto, presentamos unha serie de medidas:

- **Medidas ordinarias** de carácter xeral ou organizativas, aplicables ao conxunto do alumnado, orientadas a facilitar o seu progreso e ritmo adecuado:

- Aplicación dunha metodoloxía variada e emprego de diferentes soportes.
- Variedade e optatividade nos itinerarios e recursos, presentando actividades de diferente tipo, dando escolla aos temas de investigación ou agrupamento.
- Adaptación da/o docente, mediante unha actitude positiva, facilitadora e orientadora na que se potencien as capacidades do alumnado, atendendo ao seu ritmo de aprendizaxe, informando dos diversos recursos e orientando o seguimento da súa aprendizaxe mediante recomendacións ou tutorías persoais da materia.
- Medidas ordinarias de carácter máis específico, aplicadas aos casos concretos para o alumnado que precisa:

Para o alumnado que precisa seguir un ritmo máis lento, aplicaremos medidas de reforzo educativo: con actividades, indicación de contidos básicos, proporcionándolle esquemas e resumos e despertando o seu interese, así como a mellora dos seus hábitos de estudo coa colaboración do Departamento de Orientación e as familias.

Para os alumnos que demostren unha maior capacidade, facilitaránelles actividades de ampliación que permitan acceder a novos contidos e poñer en práctica procedementos de traballo máis complexos, facilitándolle acceso a lecturas especializadas ou indicándolle materiais e recursos. Se lle poderá dar a opción de adoitir o roll de coordinación en traballos cooperativos e nos traballos de investigación se potenciará unha maior interdisciplinabilidade e complexidade.

- **Medidas extraordinarias**, para o caso de alumnado con ACNEAE, de acordo co recollido no Proxecto de Centro, e atendendo en cada caso aos informes previos do Equipo de Orientación e as necesidades expostas na avaliación inicial, poderanse tomar medidas extraordinarias:

- Medidas extraordinarias que non requiran dunha adaptación significativa, non afectando ao núcleo dos contidos, competencias e criterios propostos se así se require.
- Do mesmo xeito, tomaranse medidas extraordinarias significativas cando se detecte a necesidade e así o determine o Departamento de Orientación co coñecemento e aprobación das familias ou responsables legais das alumnas/os.

Establecerase colaboración co Programa PMAR en relación cos Departamentos de Lingua Galega e Lingua Castelá.

Nas materias de humanidades existe un compoñente de corrección máis subxectivo que noutras áreas de aprendizaxe, e non se dá o fenómeno dunha única solución correcta para un mesmo exercicio (sobre todo nos de desenvolvemento de ideas que parten da análise de causas, temporalización, evolución e

consecuencias de acontecementos históricos). Este feito, que xa de por si complica a aprendizaxe da Historia e clasifica esta materia dentro das “de chapar” -segundo a opinión do alumnado-, ha de ser tido en conta á hora da avaliación de aquelas rapazas e rapaces que, tanto na ESO coma no Bacharelato, presenta certas dificultades que implican unha atención especializada integradora, inclusiva e posibilitadora de oportunidades na mesma medida que aquelas outras persoas sen necesidades especiais.

Dende o departamento de Xeografía e Historia do IES Primeiro de Marzo queremos recoller unha serie de indicacións que facilitan esta atención á diversidade no momento das probas de avaliación ou exames. Algunhas delas preséntanse de xeito xeral e outras dunha maneira un pouco máis específica segundo a materia concreta e o nivel ou etapa educativa á que esteamos atendendo.

Antes das probas ou exames:

Marcar as datas dos exames con suficiente antelación e explicar que contidos van ser avaliados nesas probas (cales deses contidos xa están explicados no momento de poñer esa data e cales quedan por explicar e traballar na aula, para facilitar a organización persoal de cada alumna ou alumno, tamén pode ser moi positivo). Supervisar que esa data é anotada por todas e todos nas súas axendas e que a persoa delegada ou subdelegada anota dito exame no calendario de aula, de habelo.

Incluír na aula virtual esas datas de exames e probas xa fixados e recordar os contidos, reforzándoos con actividades, tarefas de repaso ou traballos específicos para a súa preparación.

Traballar na aula “exercicios tipo” sobre a materia impartida que será obxecto de estudo para ditas probas ou exames. A alumna ou alumno deberá saber que se lles pide nesa proba, e para iso é recomendable non “innovar” demasiado coa formulación da pregunta, senón ó revés: potenciar o uso de actividades similares ás feitas nas clases normais, a modo de exercicios de preavaliación, consolidación ou repaso/reforzo. Estas actividades poden ser: completar cadros con datas ou información básica, relacionar causas e consecuencias de xeito razonado, comentarios guiados de fontes primarias e secundarias de diferente índole (textos historiográficos, prensa, relatos en primeira persoa, etc.)...

Acompañar a teoría con análises prácticas de textos, imaxes, mapas ou calquera outro contido audiovisual que poida ser aproveitado para o asentamento dos coñecementos perseguidos.

Uso dun código de cores ou símbolos estable que lles facilite ao alumnado o recoñecemento das ideas principais, complementarias e secundarias do temario. Usar sempre indicacións similares nos apuntamentos ou contidos que se lles faciliten (exclamacións, subraizados, cromía, frechas de relación, etc.).

Fomento constante da lectura, especialmente da comprensiva, con traballo de acompañamento guiado en primeira instancia pola profesora ou profesor, en segunda instancia en pequeno grupo (cuestións concretas a resolver sobre un texto pequeno, por exemplo, chegando a acordos sobre que contestar) e, finalmente, traballo de lectura comprensiva individual.

Potenciar a expresividade oral do alumnado a través de intervencións na aula, preguntas concretas, petición de opinión sobre determinadas cuestións que dean pé a certo grao de debate, etc. Estas intervencións aproveitaranse para ir corrixindo cuestións léxicas e gramaticais vinculadas coa materia.

Para a elaboración do exame:

Tipografía e espaciado.

- Optar por unha letra con serif, especialmente en textos longos, facilita a lectura.
- Escoller un tamaño que permita non forzar a vista.
- Usar negriña e/ou subraiado para aquelas preguntas, cuestións, núcleo da actividade ou palabra clave.

- Aumentar o interlineado a 1'5 ou 2 puntos como recomendación xeral.
- Procurar un espaciado maior entre as diferentes preguntas do exame. Nos niveis inferiores (especialmente no primeiro ciclo da ESO), tamén pode ser conveniente aportarlles un espazo predeterminado para a resposta -as alumnas ou alumnos con tipografías especialmente grandes poderán verse prexudicados por esta indicación, pero en xeral axuda a que elas e eles mesmos analicen a importancia relativa que o profesorado lle dá a cada cuestión, ou o que se espera delas e deles.

Optar por un número de preguntas viable. A recomendación do Departamento para as súas materias é de 3 ou 4 actividades distintas en bacharelato, o máis achegado posible ó modelo de ABAU no caso do 2º curso; na ESO o número de preguntas tampouco ha de ser excesivo, a menos que se presente a proba ou exame como un modelo de preguntas curtas ou de rápida execución (tipo test, resposta nunha ou dúas liñas, unir, completar, etc.).

Evitar as preguntas múltiples, incidindo nas diferentes cuestións que se solicitan na mesma actividade mediante guións, viñetas ou incluso un nivel de numeración inferior (pregunta 1 con 3 subapartados, indicados, cada un nunha liña, e precedidos de 1.1., 1.2. e 1.3., por exemplo).

Acompañar as preguntas que se presten a este modelo con pequenos textos, imaxes, mapas ou gráficos que poidan aportar “pistas” sobre a resposta agardada.

Guionizar brevemente as preguntas de desenvolvemento libre. Por exemplo:

- PREGUNTA: A Revolución Rusa.*
- *Explica brevemente o contexto previo.*
 - *Indica as cronoloxías fundamentais.*
 - *Cita as personaxes históricas imprescindibles.*
 - *Explica os principais acontecementos concretos da etapa.*
 - *Reflexiona sobre as consecuencias.*
 - *Realiza unha conclusión.*

Durante as probas ou exames:

Proxectar o exame sempre que sexa posible na pantalla dixital, especialmente se conta con imaxes e/ou gráficas nas que a cor ou os detalles sexan importantes para o correcto desenvolvemento da proba.

Ler o exame en voz alta unha vez entregado, antes de que o grupo clase comece a realizalo; poderanse así resolver moitas dúbidas que, posiblemente, sexan comúns a varias persoas e que -de non ler o exame- se cadra quedarían sen resolver.

Especificar, de ser o caso, a orde de preferencia para as respostas, por se o alumnado con algunha necesidade especial prefire centrarse naquelas preguntas con maior puntuación ou naquelas que leva mellor preparadas. Isto pode solucionarse colocándoas xa en orde (dende as de máis valor, que irían de primeiras, ás de menos puntuación por pregunta), ou comentalo en voz alta na presentación do exame.

Tras a realización das probas:

Dedicarlle tempo á corrección do exame, puíndo fallos comúns do grupo clase e apuntando cuestións concretas nos exames que as alumnas e alumnos deberían ler.

Aportar rúbricas de corrección ou modelos resoltos que lles faciliten a preparación de exames posteriores, especialmente en niveis superiores.

17. Programación de temas transversais.

